Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

CURSO 2024/2025

Universidade Vigo

Facultade de Dereito

Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

CURSO 2024/2025

Validado pola Comisión de Calidade o día 18 de decembro de 2025. Aprobado pola Xunta de Facultade o día 18 de decembro de 2025. Aprobado pola Comisión Académica do Mestrado universitario en Avogacía e Procuradoría o día 18 de decembro de 2025.

Índice

1. Información xeral 2
2. Coordinación 2
3. Xustificación e descrición do informe 2
4. Accións de coordinación 3
4.1. Reunións e actuacións de coordinación 3
4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas 8
4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora 11
5. Conclusións 16

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

1. Información xeral

Denominación do título	Mestrado universitario en avogacía e procuradoría pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito (campus de Ourense) e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (campus de Vigo e Pontevedra)
Curso de implantación	2023/2024

2. Coordinación

Equipo coordinador do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría	Coordinación académica e profesional e comisión académica do Mestrado universitario en Avogacía e Procuradoría da Facultade de Dereito, complementados pola comisión de coordinación do Mestrado universitario en avogacía pola Universidade de Vigo

3. Xustificación e descrición do informe

O Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense do 31 de xullo de 2023 establece as funcións de:

- O coordinador/a académico
    a) Supervisar a elaboración das guías docentes de cada unha das materias do máster, realizadas polas persoas responsables das mesmas, así coma o seu correcto cumprimento ao longo do curso académico.

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

b) Aprobar un informe anual en que se detalle cantas incidencias tiveron lugar durante a impartición do programa formativo.

c) Elevar á Comisión Académica cantas propostas considere oportunas para mellorar o funcionamento do plan formativo.

- O coordinador/a profesional

a) Elaborar a proposta do plan de prácticas, conforme á normativa reguladora da materia, e o seu cronograma para sometelos á aprobación da Comisión Académica.

b) Propoñerlle á Comisión Académica a designación das persoas titoras de prácticas.

c) Aprobar un informe anual en que se detallen todas as incidencias que tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas.

- A comisión académica do Mestrado

a) Impulsar o cumprimento do obxecto do presente convenio palas partes.

b) Propoñer o regulamento de réxime interno da propia comisión que deberá ser aprobado pala Comisión de Estudos de Posgrao.

c) Aprobar os horarios de docencia, as probas de avaliación e a asignación das aulas de xeito coordinado cos centros de adscrición.

d) Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica do máster (cumprimento de horarios de clases e titorías), velar pala dispoñibilidade dos espazos e medios para a súa impartición (aulas, equipos de videoconferencia, etc.).

e) Seleccionar o estudantado admitido no programa.

f) Emitir un informe para recoñecer as competencias e a equivalencia de títulos estranxeiros de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

g) Formular as demandas de recursos humanos e materiais, debidamente xustificadas.

h) Seleccionar o alumnado para bolsas ou estadías de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais e do EEES baixo os principios de igualdade e concorrencia competitiva.

i) Elaborar e aprobar anualmente as guías docentes da titulación e remitirllas ao centro para ratificalas na Xunta de Centro segundo a normativa establecida.

j) Elaborar e aprobar para cada curso académico a planificación docente anual (PDA) do Máster.

k) Elaborar e aprobar para cada curso académico o Plan de Ordenación Docente (POD) do Máster.

l) Aprobar para cada curso académico o cadro de persoas titoras de prácticas de acordo co seu cronograma.

m) Elaborar e aprobar o orzamento anual da partida económica asignada ó máster e aprobar, ao peche do ano económico, a correspondente memoria económica da execución dos gastos realizados.

n) As funcións recollidas no Regulamento de réxime interno da Comisión Académica do máster.

Dada a peculiaridade do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría pola Universidade de Vigo, título único impartido nos tres campus e adscrito a dous centros –as Facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo– e a tres colexios profesionais –os de Ourense, Pontevedra e Vigo-, constituíuse unha comisión de coordinación do Mestrado universitario en avogacía pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as, os coordinadores/as académicos do Mestrado, un ou unha representante de cada colexio profesional e os secretarios/as das comisións académicas, co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre centros aos efectos de implantación do sistema de garantía interna de calidade dos centros.

4. Accións de coordinación

Durante o curso académico 2024/2025 realizáronse diversas actuacións de coordinación docente coa finalidade de mellorar o funcionamento do Mestrado Universitario en Avogacía, analizándose as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación das materias e na realización das prácticas externas.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

1. **Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Mestrado universitario en avogacía cos/coas representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os–**

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

Durante o curso académico 2024/2025 realizáronse actuacións e reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

- Outubro de 2024: A coordinación do Máster solicitou ao estudantado que acordase a elección das persoas delegadas e subdelegadas de curso. Esta designación considérase fundamental para canalizar as suxestións, queixas e propostas do alumnado nas reunións da Comisión Académica do Máster, nas que participan con voz pero sen voto.
- 25 de outubro de 2024: Procedeuse á elección das persoas que asumirían as funcións de delegada e subdelegada. A coordinación requiriu que se remitisen os datos de contacto das persoas designadas para o primeiro curso do curso académico 2024/2025, co obxectivo de dar publicidade á información na páxina web oficial do Máster. Achégase correo electrónico como Anexo I.
- 25 de outubro de 2024: A coordinadora académica contactou coas persoas que exerceran como delegadas durante o curso 2023/2024 para confirmar se continuarían desempeñando esta función no novo curso académico. Achégase correo electrónico como Anexo II.
- 19 de xuño de 2025: A coordinadora académica mantivo unha reunión co delegado do primeiro curso para intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do Máster durante o curso académico. Achégase acta da reunión como Anexo III.
- Durante o curso 2024/2025: As persoas delegadas de primeiro e segundo curso do Máster Universitario en Avogacía foron convidadas de forma habitual ás reunións da Comisión Académica, con voz pero sen voto, sen prexuízo de poder excluílas puntualmente dalgún punto concreto cando se abordasen cuestións especialmente sensibles ou confidenciais.

2. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Mestrado universitario en avogacía cos coordinadores das materias impartidas durante o período formativo:

Durante todo o curso académico, a coordinación do Máster mantivo diferentes encontros co profesorado responsable das materias, tanto mediante comunicación telefónica como a través da plataforma Campus Remoto. O obxectivo destas reunións foi garantir un seguimento continuo do desenvolvemento do período formativo, intercambiando opinións sobre a planificación das clases, a metodoloxía empregada e a aplicación dos procedementos de avaliación.

3. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador cos titores/as do plan de acción titorial

- A coordinadora da titulación enviou o día 10 de xaneiro de 2025 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha primeira reunión inicial a

celebrar antes do 28 de xaneiro de 2025. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. IV.

- A coordinadora da titulación enviou o día 12 de xuño de 2025 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, á reunión de seguimento a celebrar entre o 12 e o 20 de xuño. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. V.
- A coordinadora da titulación enviou o día 17 de xullo de 2025 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lles solicitaba que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. VI.
- A coordinadora da titulación enviou o día 17 de xullo de 2025 un correo electrónico a todos os estudantes do PAT, onde se lles solicitaba que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado»). Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. VII.

4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador profesional ou o coordinadora das prácticas externas básicas e das prácticas externas e os titores/as académicos cos titores/as externos ou co alumnado implicado

Durante o curso académico 2024/2025 realizáronse, a iniciativa do coordinador profesional do Mestrado universitario en avogacía e procura e da coordinadora académica das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e dos titores/as académicos, diversas actuacións conxuntas de coordinación cos titores/as externos e co alumnado implicado -algunhas no primeiro cuadrimestre respecto da materia Prácticas externas e outras no segundo cuadrimestre en relación coa materia Prácticas externas básicas-. As actuacións máis destacables desenvolvéronse nas seguintes datas:

PRÁCTICAS EXTERNAS:

- Xuño-xullo 2024: elaboración e aprobación da guía docente da materia Prácticas externas e do plan de prácticas para o curso académico 2024/2025, coa listaxe de titores e o cronograma e aprobación e publicación na plataforma de teledocencia MOOVI da asignación provisional e definitiva de despachos e de titores académicos para o curso 2024/2025 da materia Prácticas externas.
- Xullo de 2025: elaboración polos titores académicos da materia Prácticas externas e remisión aos coordinadores académico e profesional do Mestrado dun Informe de

incidencias coa finalidade de dar cumprimento ao compromiso asumido polos titores, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do Mestrado lles corresponde elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, coa finalidade de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do Mestrado, se é o caso, as accións de mellora que se considere oportunas.

Xúntase informe como Anexo núm. VIII.

PRÁCTICAS EXTERNAS BÁSICAS:

- Xuño-Xullo 2024: Procedeuse á elaboración e posterior aprobación da guía docente da materia Prácticas Externas Básicas, garantindo a súa adecuación ás directrices do Máster e ao Regulamento de prácticas externas da Universidade.
- Outubro de 2024: Na Xornada de Acollida do Máster, realizouse a presentación oficial do Coordinador Profesional, da Coordinadora Académica e do equipo de titores/as de prácticas ao alumnado de primeiro curso. Neste acto, tamén se presentaron as materias vinculadas ás prácticas externas, explicando os seus obxectivos, estrutura e sistema de avaliación.
- Xuño de 2025: Desenvolveuse unha reunión informativa co estudantado para explicar de forma detallada o procedemento de realización das prácticas externas previstas para o primeiro cuadrimestre do segundo curso. Durante esta sesión, expuxéronse os prazos, os criterios de asignación e os mecanismos de seguimento, resolvendo todas as dúbidas formuladas polo alumnado e garantindo que dispoñan da información necesaria para unha correcta planificación.
- Xullo de 2025: Os titores/as académicos da materia Prácticas Externas Básicas elaboraron e remitiron aos coordinadores académico e profesional do Máster un Informe de Incidencias, en cumprimento do artigo 13 do Regulamento. Este informe ten como finalidade velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, asegurar un seguimento efectivo das prácticas, aplicar o proceso avaliador conforme á normativa e informar ao órgano responsable das prácticas externas na Universidade sobre as posibles incidencias detectadas. Ademais, este documento complementa os informes que corresponden á coordinación do Máster e recolle as incidencias manifestadas polo

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

alumnado nas Memorias presentadas para a súa avaliación, co obxectivo de que se poidan prever, desde a Coordinación e a Comisión Académica, as accións de mellora oportunas.

Xúntase informe como Anexo núm. IX.

5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador do Traballo de fin de Mestrado co alumnado ou cos titores/as implicados

Durante o curso académico 2024/2025 realizáronse un total de 4 reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

- Outubro de 2024: reunión da coordinadora do Traballo Fin de Mestrado cos estudantes coa finalidade de explicarlles o contido e estrutura do mesmo.
- 17 de febreiro de 2025: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria ordinaria. Achégase como anexo núm. X a Acta de constitución do tribunal avaliador do TFM e os acordos.
- 15 de xullo de 2025: reunión do Tribunal avaliador do TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución da sesión na que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria de xullo. Achégase como anexo núm. XI a Acta de constitución do tribunal avaliador do TFM e os acordos.

6. Reunións e actuacións de coordinación da comisión académica do Mestrado universitario en avogacía nas que se traten incidencias acontecidas durante a impartición do programa formativo ou durante a impartición do programa de prácticas

Durante o curso académico 2024/2025 analizáronse incidencias deste tipo, nas reunións da Comisión Académica do Mestrado nas datas sinaladas a continuación:

- 31/10/2024: análise e aprobación do informe anual da Sra. Coordinadora no que se detalla cantas incidencias tiveron lugar durante a impartición do programa formativo e do informe do Sr. Coordinador profesional no que se detalla cantas incidencias tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas. Os acordos da reunión da Comisión Académica do Mestrado poden consultarse en http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/informacion/comision-academica/.
- 31/10/2024: análise e aprobación do informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía do curso académico 2022/23. Os acordos da reunión da Comisión Académica do Mestrado poden consultarse en http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/informacion/comision-academica/.

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

7. Reunións de coordinación da Comisión de Coordinación do Mestrado universitario en Avogacía e Procura da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito.

A normativa sobre a composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Mestrado en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito establece no seu artigo 3 que "A Comisión de coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre Centros aos efectos do SGIC".

Durante todo o curso académico, a coordinadora e o coordinador dos Mestrado en Avogacía e Procuradoría da Facultade de Dereito e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo mantiveron varias reunións telefónicas e reunións vía campus remoto para poder intercambiar opinións sobre os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre Centros aos efectos do SGIC.

8. Reunións e actuacións de coordinación dos/as responsables de coordinación das materias co profesorado que as imparte

- Ao longo de todo o curso académico as/os responsables de coordinación das materias mantiveron unha comunicación permanente co profesorado que as impartiu para trasladar a información, os resultados, as queixas e as suxestións achegadas tanto polo propio alumnado como polo equipo de coordinación do Mestrado, algún profesorado ou mesmo o coordinador/a do título. O obxectivo principal foi consensuar as distintas decisións para garantir unha axeitada planificación da materia e asegurar un desenvolvemento equilibrado e coordinado desta.
- 23/9/2024: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como os profesionais da avogacía e da procuradoría. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XII.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.
- 16/1/2025: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XIII.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

Describiranse outras accións que o centro realizará para mellorar a coordinación das ensinanzas de Mestrado impartidas neste centro.

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito

No curso 2024/2025, a Comisión de Calidade da Facultade de Dereito adoptou os seguintes acordos, estimados relevantes dende a perspectiva da Coordinación:

- 31/01/2024:

  1. Validar a proposta de previsión de gasto do centro para o exercicio 2024.
  2. Aprobar a proposta de obras priorizadas a acometer no centro remitida á Vicerreitoría de Planificación.
  3. Validar as propostas conxuntas de formación propostas pola coordinación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito para o PDI (cursos de: sinatura electrónica; novas funcionalidades do buscador PERSEO da biblioteca universitaria; programa SIGMA: perfil do docente).
  4. Trasladar a Vicexerenta de Coordinación Académica e os responsables da xestión da plataforma Sigma as incidencias derivadas da non incorporación dos coordinadores de materias nas plataformas Moovi e Sigma nos supostos nos que a docencia atribuída en POD das horas “A” das materias se imparten por profesorado contratado temporal.

- 29/02/2024:

  1. Validar o procedemento XD-01: Control de documentos e dos rexistros.
  2. Validar as actividades e gastos vinculados o distintivo de empregabilidade (visitas e saídas prácticas do estudantado aos órganos xudiciais tanto da comunidade autónoma como estatais e asistencias ás vistas; formación práctica do estudantado por parte dos operadores xurídicos deses órganos (xuíces/as, fiscais, maxistrados, letrados); visitas e saídas de campo, prácticas do estudantado nas institucións públicas e empresas coa finalidade de mellorar os contidos prácticos a dquiridos nas diferentes materias do grao en dereito complementadas coa adquisición de coñecementos a través de charlas de formación práctica; charlas e foros destinadas á empregabilidade dos titulados/as).

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

- 18/03/2024:
  1. Validar a listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento do título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021.

- 15/04/2024:
  1. Elaborar un cronograma coas actividades a desenvolver no próximo curso académico (Día Internacional da Muller, Día Internacional do Traballo…) para a súa remisión ó profesorado da Facultade, coa finalidade de que especifique en qué actividades estaría interesado en participar.
  2. Validar a seguinte relación de actividades de formación docente para a súa remisión ao Campus da Auga: 1. Principais ferramentas de intelixencia artificial para o seu uso na docencia; 2. LegalTech; 3. Solicitude e emprego da sinatura electrónica; 4. SIGMA: funcionalidades para o perfil docente; 5. Funcionalidades de MsOffice 365 para docencia e xestión; 6. As TEC (Tecnoloxías para o empoderamento e a participación); 7. Recursos educativos en aberto; 8. Realización de presentacións con CANVA ou outro programa distinto a Powerpoint ; 9. Utilización de Kahoot ou outro programa similar para facer cuestionarios.

- 03/06/2024:
  1. Validar o procedemento DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico.

- 24/07/2024:
  1. Validar as primeiras accións de internacionalización da Facultade de Dereito.
  2. Validar as obras previstas na Facultade nos vindeiros meses.
  3. Validar o cronograma provisional de actividades da Facultade de Dereito para o curso 24-25.
  4. Validar as Guías Docentes do Grao en Dereito e do PCEO, para o curso 24-25, a excepción da Guía da materia Dereito Romano que queda condicionada a revisión do apartado relativo á planificación da evaluación. Delégase na coordinadora do Grao en Dereito, Dª Mónica Siota Álvarez, dita revisión.

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

5. Validar a xornada de acollida do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito e o Curso de Orientación académica para estudantes de 3º curso do Grao en Dereito e 4º curso do PCEO ADEDereito (Curso 3.5).
6. Adoptar medidas de carácter tecnolóxico para detectar o uso fraudulento de dispositivos móviles nos exames, e remitir un recordatorio ó profesorado para que esté especialmente vixilante durante a realización das probras.
7. Validar o Anexo I do Procedemento DE-02: Panel de indicadores, Cadro de Mando da Facultade de Dereito.

- 13/01/2025:
  1. Validar a proposta de obras priorizadas a acometer no centro remitida á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
  2. Validar as propostas recibidas por parte dos membros do grupo de traballo en relación coa identificación das necesidades, oportunidades, fortalezas e debilidades identificadas para desenvolver o Programa de desenvolvemento Extratéxico da Facultade de Dereito, e integralas no documento provisional
  3. Preparar un borrador cos eixes e obxectivos específicos do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultad para a posterior análise.

- 29/01/2025:
  1. Validar os eixes e obxectivos específicos a incluír no borrador do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade.
  2. Validar os indicadores de calidade asociados os obxectivos específicos a acadar segundo o borrador do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade.
  3. Actualizar o Plan de Melloras do Centro.

- 20/02/2025:
  1. Actualizar o Plan de Melloras do Centro.
  2. Validar o Programa de Desenvolvemento Extratéxico da Facultade e delegar na Sra. Vicedecana a corrección de cuestións formais.

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

3. Tomar en consideración os asuntos vencellados ao presuposto do Centro.
4. Validar a solicitude de visitas a empresas e institucións no marco das axudas do "Campus Auga" para o segundo cuatrimestre do curso 2024/2025.
5. Validar o Curso de Actualización Xurídica para o curso 2024/2025 e da Conferencia do Día Internacional da Muller.

- 29/05/2025

1. Validar o autoinforme para a renovación da acreditación institucional da Facultade de Dereito e delegar na Vicedecana de Calidade a corrección de cuestións formais ou erros materiais así como a introducción das modificacións acordadas (datos relativos á realización de prácticas extracurriculares, empleabilidade do alumnado, e de movilidade do PDI).

- 4/07/2025:

1. Validar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso 2025/2026 e delegar na coordinadora do Grao en Dereito a revisión das modificacións pendentes.

4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2024/2025 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas-ben presencialmente, ben *on line*-:

TÍTULO	ORGANIZACIÓN/COORDINACIÓN/ DIRECCIÓN	DATA
Xornada de acollida. Introdución aos estudos de Dereito	D.ª Susana Álvarez González D.ª M. Belén Sánchez Ramos	9-setembro-2024

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

Xornada de acollida. Mestrado universitario en Avogacía e Procuradoría	Coordinación : D.ª M.ª Dolores Fernández Fustes D. Benjamín Mayo Martínez D.ª M.ª Esther Cereijo Ruíz D.ª Lidia Noriega Rodríguez Comité organizador : D.ª Susana Álvarez González D. Virxilio Rodríguez Vázquez Dª. Mónica Siota Álvarez	14-outubro-2024
Seminar on Data Protection	Coordinación: D.ª Susana Álvarez González	17 e 19 de setembro de 2024
Seminario: O Dereito tamén en galego	Comité organizador: D.ª Susana Álvarez González D.ª Francisca Fernández Prol	27-setembro-2024
Xornada sobre dereito constitucinal do traballo	Coordinación: D.ª Marta Fernandez Prieto D.ª Francisca Fernández Prol	3-outubro-2024
Seminario Internacional: “Xustiza e Estado de Dereito contemporáneo”	Organización: D. Antón Lois Fernández Álvarez D. Gilvan Luiz Hansen	14 e 15 de outubro de 2024
Jornadas sobre Derecho y Literatura	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez	17-outubro-2024

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

Pensar el Derecho: la dimensión performativa del razonamiento jurídico	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez Coordinación: Xosé Manuel Pacho Blanco	18 de outubro e 7 de novembro de 2024
XIV Curso Pensar o cinema: a muller como boneca	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez Coordinación: D.ª Claudia Zulema Robles Gómez D.ª Teresa Roa MartínezPen	18 e 25 de outubro e 7 de novembro de 2024
Feminismo y Teoría del Derecho: El debate sobre la regulación jurídica de la pornografía	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez	24 de outubro e 7 de novembro de 2024
Xornada de transferencia Adaptación e mantemento do emprego en empresas en crise: ferramentas e actores	Comité organizador: D.ª Antía Sández Callejo D.ª Cristina Fabeiro Varela D. Jaime Cabeza Pereiro D.ª Marta Fernández Prieto D.ª Francisca Fernández Prol	30-outubro-2024
Obradoiro: Implicacións prácticas para as empresas da nova regulación da UE sobre dilixencia debida en materia de sustentabilidade	Dirección: D.ª Ana María Tobío Rivas D. Juan Manuel de los Ríos Sánchez Coordinación: D. Roberto Couto Calviño D.ª Sara Menor Conde	31-outubro-2024
Congreso: X Memorial Manuel Serra Domínguez	Dirección: D.ª Esther Pillado González	7 e 8 de novembro de 2024

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

"Derecho procesal y ciudadanía: retos socioeconómicos y politización de la justicia"	Coordinación: D.ª M.ª Dolores Fernández Fustes	
Curso: Violencia de xénero	Organización: Iltre. Colexio da Avogacía de Ourense	21 e 28 de novembro de 2024
Curso 3.5: Orientación académica para estudantes de 3º curso do Grao en Dereito e de 4º curso do PCEO ADE-Dereito	Coordinación: D.ª Susana Álvarez González	29-xaneiro-2025
Curso de Actualización Xurídica 2024/2025	Comité organizador : D.ª Susana Álvarez González D.ª Francisca Fernández Prol	21-febreiro-2025
8M-Día internacional da Muller: Solo si é si, ou non? Razóns e desrazóns das últimas reformas dos delitos sexuais	Coordinación: D.ª Francisca Fernández Prol D.Virxilio Rodríguez Vázquez	7-marzo-2025
II Xornadas galegas sobre protección e defensoría de mulleres defensoras de dereitos humanos: Os dereitos humanos ante unha nova orde mundial		24-abril-2025
XII Curso sobre dereitos humanos, sociedade e tecnoloxías da información	Dirección: D.ª Ana Garriga Domínguez D.ª Susana Álvarez González	27 e 28 de maio de 2025
Curso de formación para o persoal docente e investigador: Introdución á IA xenerativa para a súa aplicación na docencia e investigación universitaria	Coordinadora: D.ª Lourdes Borrajo Diz	10-xuño-2025

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

4.2.3. Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.

Ao longo do curso 2024-2025 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro entre as que cómpre destacar:

- Celebración da Feira de Emprego: o día 27 de novembro de 2024 celebrouse no IES As Lagoas-Ourense entre as 11.00 e as 14.00 h.

  Obxectivos: Dar a coñecer ao estundantado a demanda de persoal de distintas entidades de moi diversos sectores, así como de contactar directamente coas persoas responsables dos procesos de selección.

- Celebración do curso 3.5: o día 28 de novembro de 2024 celebrouse no Colexio Divina Pastora entre as 12.30 a 13.30 h.

  Obxectivos: Dar a coñecer ao estundantado a demanda de persoal de distintas entidades de moi diversos sectores, así como de contactar directamente coas persoas responsables dos procesos de selección.

- Celebración da Xornada Coñece o Campus de Ourense: os días 15 e 16 de xaneiro de 2025 na Aula Magna Facultade de Dereito entre as 10.45 e as 11.45 e entre as 12.15 e as 13.15 h. Participación de 402 alumnos de diferentes centros de Bacharelato.

  Obxectivos: Dar a coñecer entre os alumnos de bacharelato dos diferentes centros, os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

- Celebración da Xornada Coñece o Campus de Ourense: os días 7 e 8 de abril de 2025 na Aula Magna Facultade de Dereito entre as 10.30 e as 11.30 e entre as 12.15 e as 13.15 h. Participación de 268 alumnos de diferentes centros de Bacharelato.

  Obxectivos: Dar a coñecer entre os alumnos de bacharelato dos diferentes centros, os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

- Celebración da I Feira de educación na provincia de Ourense (Expourense): os días 2 e 3 de abril de 2025 no Recinto Expourense

  Obxectivos: promover o intercambio de experiencias, a aprendizaxe colaborativa e o fortalecemento das relacións entre os distintos niveis educativos e entre alumnos, centros, profesores, directores e outros expertos vinculados ao sector.

- Celebración das Xornadas informativas para estudantado do Programa LCA (virtual): o día 26 de marzo de 2025 entre as 13.25 e as 13.30 h. Proxectouse un vídeo promocional da

Facultade. As persoas interesadas podían contactar coa responsable de Relacións Internacionais da Facultade.

Obxectivos: Asesorar e orientar ao alumnado de Programa LCA.

- Celebración da Semana de Portas Abertas (Virtual): o día 10 de xuño de 2025.

  Obxectivos: Dar a coñecer entre os potenciales estudantes os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

4.2.3.1. Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que realiza estancias en Universidades estranxeiras.

A) PDI

PDI						
Erasmus+ KA131	Profesor/a Axudante Doutor/a	Facultade de Dereito	Colombia		1	1
Erasmus+ KA131	Profesor/a Axudante Doutor/a	Facultade de Dereito	Italia		1	1
Erasmus+ KA131	Profesor/a Axudante Doutor/a	Facultade de Dereito	Portugal		2	2
Erasmus+ KA131	Profesor/a Interino/a de substitución	Facultade de Dereito	Suecia		1	1
Erasmus+ KA131	Profesor/a Titular de Universidade	Facultade de Dereito	Italia	1		1
Erasmus+ KA131	Profesor/a Titular de Universidade	Facultade de Dereito	Portugal	2		2
Erasmus+ KA171	Profesor/a Titular de Universidade	Facultade de Dereito	Uruguai		1	1

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

B) PTXAS: 0

C) Alumnado:

- **Mobilidade ERASMUS**: 18 alumnos/as
- **Mobilidade SICUE**: 4 alumnos/as

4.2.3.2. Promoción da titulación e divulgación das actividades levadas a cabo na Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso:

- Divulgación a través das redes sociais, especialmente facebook e instagram, de todas as actividades que se levan a cabo na Facultade.

4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

4.3.1. Actuacións e incidencias mais relevantes

A continuación relataranse, por orde cronolóxico, as incidencias que se prantexaron durante o curso 2023/2024 no Mestrado da Avogacía e Procuradoría, así como as accións de mellora que se levaron a cabo dende a Coordinación e a Comisión Académica do Mestrado.

1. O día 4 de xullo de 2024, seguindo o calendario aprobado pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade ese mesmo día, a coordinadora do Mestrado envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no Mestrado. Nel comunicábaselle o calendario de elaboración das guías docentes, así como algunhas orientacións para ter en conta. Neste proceso de elaboración, os coordinadores/as de materia/módulo, unha vez editadas as guías docentes, remitíronllas á coordinadora do Mestrado para revisalas. Achégase copia do correo electrónico como anexo XIV.

   Concluído o proceso de elaboración, a coordinadora remitiulle as guías docentes a Comisión de Garantía Interna de Calidade, para a súa revisión.

   O día 24 de xullo de 2024 foron aprobadas pola Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía. Unha vez finalizado o proceso de revisión, a coordinadora remitiulle as guías docentes ao decanato para aprobalas. Cómpre destacar a participación e o traballo do profesorado no proceso de realización das guías.

2. O día 23 de setembro de 2024, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, do primeiro cuadrimestre, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Achégase copia do correo electrónico como anexo XII.

3. O día 14 de outubro de 2024 celebrouse a Xornada de Acollida dos estudantes de primeiro curso do Mestrado Universiario en Avogacía e Procuradoría cos obxectivos de:
    a. Facilitar ao estudante o tránsito dende o grao ao posgrao.
    b. Presentar ao estudante o Mestrado en Avogacía e Procuradoría da Facultade de Dereito.
    c. Dar a coñecer ao estudante os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

    Achégase copia do programa da Xornada de Acollida do Mestrado como anexo XV.

4. En outubro de 2024, a coordinadora académica reuniuse cos estudantes do Mestrado Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan á selección das/os delegadas/os de curso. O obxecto desta reunión era informarlles da importancia de que nomeen aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Mestrado, ás que son invitados con voz pero sen voto. Asemade, solicitou aos estudantes que se puxeran dacordo para a elección das/os delegadas/os de curso.
    O día 25 de outubro de 2025 procedeuse á elección das persoas que asumirían as funcións de delgado/a e subdelegado/a. A coordinadora académica solicitoulles que enviaran un correo electrónico a coordinación, comunicando os datos das persoas que serían delegado y subdelegada de primeiro curso, no curso académico 2024/2025. Achégase correo como anexo núm. I.

5. O Plan de Acción Titorial (PAT) do Mestrado está integrado PAT da Facultade de Dereito. Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:
    - unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais
    - outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.
    - Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.

6. O día 10 de xaneiro de 2025, a coordinadora da titulación enviou un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de

correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 28 de decembro de 2025.

7. O día 16 de xaneiro de 2025, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia que coordinan do segundo cuadrimestre, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Achégase copia do correo electrónico como anexo XIII.

8. O día 12 de xuño de 2025, a coordinadora académica enviou un correo electrónico o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, para unha reunión de seguimento. Todos os titores enviaron á Coordinadora a copia do correo electrónico no que convocaban aos estudantes titorizados.

9. O día 17 de xullo de 2025, dende a coordinación do Mestrado, envióuselle un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o profesorado implicado no PAT debe cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»), polo que se lles solicitaba que cumprimentasen dito anexo a través dun cuestionario online.

10. O día 17 de xullo de 2025, dende a coordinación do Mestrado, envióuselle un correo electrónico aos estudantes titorizados do PAT solicitando que cumprimentasen o “anexo IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado” a través dun cuestionario online.

4.3.2. Informe anual da Coordinadora académica do Mestrado

A Coordinadora elaborou un informe no que se detallan cantas incidencias tiveron lugar durante a impartición do programa formativo.
Achégase o informe como anexo XVI.

4.3.3. Informe anual do Coordinador Profesional do Mestrado.

O Coordinador Profesional do Mestrado elaborou un informe no que se detallan as incidencias que tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas.

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

Achégase o informe como anexo XVII.

4.3.4. Informe anual da Coordinadora académicas e os titores académicos das materias de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso).

A Coordinadora académica e os titores académicos da materia de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e Prácticas externas (segundo curso) elaboraron dous informes coa finalidade de dar cumprimento ao compromiso asumido, de acordo co art. 13 do Regulamento de Prácticas externas, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

Tal e como se sinalan expresamente nos informes, estes teñen como obxectivo servir de complemento aos informes que os coordinadores do Mestrado elaboran e recoller as incidencias que se suscitaron no desenvolvemento das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, a fin de que se prevexan desde a Coordinación e a Comisión académica do Mestrado, no seu caso, as accións de mellora que se consideren oportunas, aínda que tamén se deixa constancia de que a maioría dos alumnos non manifestaron incidencia algunha.

Nos citados informes fanse as seguintes **propostas de mellora:**

1. Optimización do volcado de información no aplicativo: Desde a coordinación do Máster e a Comisión Académica se solicitará que o volcado da información no aplicativo informático sexa realizado polo Persoal Técnico de Administración e Servizos (PTXAS). A coordinación académica quedaría encargada exclusivamente da revisión e validación dos datos, garantindo así maior precisión e eficiencia no proceso.
2. Recollida do horario de prácticas do estudantado: Proponse solicitar ao estudantado o horario concreto no que desenvolverán as prácticas, co obxectivo de que a información incorporada ao aplicativo se axuste á realidade e facilite unha mellor planificación.

Achéganse os informes como anexo VIII e IX.

4.3.5. Informe do coordinador do Traballo Fin de Mestrado

O Coordinador do Traballo Fin de Mestrado (TFM) elaborou un informe sobre o desenvolvemento da materia e as propostas de mellora, que se incorporou ao Informe da Coordinación Académica do Mestrado. Dito informe figura como anexo XVI.

Informe de acción de coordinación do Mestrado universitario en avogacía e procuradoría

4.3.6. Informe da coordinadora sobre o plan de acción titorial (PAT).

CONCEPTO: o Plan de acción titorial (PAT) da Facultade de Dereito configúrase como o instrumento a través do cal se deseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria para as titulacións do centro. Responde á implantación do «DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudantado», que constitúe en si mesmo o rexistro R1-DO0203 P1 deste. Préstaselle unha especial atención ao estudantado de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria, a mellorar o seu rendemento académico e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ao que está rematando os seus estudos, para facilitarlle a preparación para a actividade profesional ou o inicio á investigación. O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do/a estudante e baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do estudantado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior. Trata de garantir a adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

O PAT aprobado pola Xunta de Facultade o 8 de xullo de 2021 prevé que o profesorado titor asesorará o seu alumnado de primeiro e segundo ao longo de todo o curso académico mediante a programación de polo menos dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudantes, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. Ambas as dúas reunións entre titor/a-alumno/a teñen carácter preceptivo para o titor/a, que debe convocar os titorizados/as, pero son de carácter voluntario para o alumnado, que pode asistir ou non. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado, a iniciativa do titor ou do propio alumnado, en calquera momento do curso. O estudantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.

O alumnado e o profesorado implicado no PAT cumprirán as enquisas de avaliación do grao de satisfacción. Así mesmo, as titoras e titores informarán o coordinador/a da titulación das dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado.

1. O día 10 de xaneiro de 2025 envióuselle un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 28 de xaneiro de 2025, para a presentación do titor e do PAT, a detección de necesidades especiais e interesarse

polo desenvolvemento do curso, coa finalidade de recabar información que permita a mellora da titulación.

Os estudantes que asistiron ás reunións, en termos xerais, manifestan que non consideran que haxa incidencia e a súa satisfacción co desenvolvemento do Mestrado.

2. O día 20 de xuño de 2025 remitíuselle un novo correo electrónico ao profesorado titor, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha reunión de seguimento.

   Os estudantes que asistiron ás reunións, en termos xerais, manifestan que non consideran que haxa incidencia e a súa satisfacción co desenvolvemento do Mestrado.

3. Segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). Esta actuación non se levou a cabo.

   O 20 de xullo de 2024, dende a coordinación do Mestrado, envióuselle un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o profesorado implicado no PAT debe cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»), polo que se lles solicitaba que cumprimentasen dito anexo a través dun cuestionario online para garantir o anonimato. Tamén se solicita ao profesorado que, se aínda non remitiran á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas ao longo do curso, os envíen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.

   O mesmo día, envióuselle un correo electrónico aos estudantes titorizados do PAT solicitando que cumprimentasen o “anexo IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado” a través dun cuestionario online.

4.3.7. Accións de mellora

A coordinación propón as seguintes accións de mellora:

— **Xustificación de faltas de asistencia mediante tarefa en MOOVI**

Co obxectivo de reforzar a equidade e a transparencia no sistema de avaliación continua, proponse implementar, en determinadas materias coordinadas pola Coordinación do Máster

durante o curso 2025/26, unha tarefa específica en MOOVI que permita ao estudantado xustificar as faltas de asistencia cando estas estean amparadas polas causas previstas no artigo 15 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* (aprobado no Claustro do 18 de abril de 2023).

Descrición da medida:

a) O estudantado deberá acreditar documentalmente a causa da ausencia a través da tarefa habilitada en MOOVI.
b) Ademais, para suplir a falta de asistencia, deberá entregar a tarefa complementaria que fixe o profesorado, garantindo así a adquisición das competencias previstas para esa sesión.
c) As faltas xustificadas e compensadas mediante este procedemento non penalizarán a cualificación correspondente á asistencia (2,5 puntos).

Obxectivo da implementación piloto: Esta medida aplicarase en varias materias do curso 2025/26 como experiencia piloto. Se os resultados son satisfactorios, a Comisión Académica valorará a súa implantación xeral en todas as materias do Máster para o curso 2026/27.

